Contos

POR

Asieumedre

CON DIBUXOS

DE

F. CORTÉS

3
46



XX. 3349
PB 2446
CB 11023092
Film. 596671

CONTOS

Antes que verme prestado
quisiera verme quemado.

CONTOS

DE

ASIEUMEDRE

(M. LUGRÍS FREIRE)

Con dibuxos de F. Cortés

SEGUNDA EDICIÓN

LITOGRAFÍA E IMPRENTA ROEL
LA CORUÑA

É PROPIEDADE

O VERBO

Nos tempos en que Zoroastro recibía no ceo do deus Ormuzd «a palabra de vida»,—seis mil anos dinantes do nascimento de noso señor Xesucristo,—había unha comarca fermosa e farturenta, nomeada Anthorque, que lindaba coas augas do mar Caspio. En ningures, non sendo no occidente da Iberia, podía hacharse terra mais deleitosa.

As saudades pol-os eidos nativos comenzaron á xurdir nas almas dos anthorqueses, que vagaban pol-o paradiso dos persas.

—Señor,—dixéronlle unha vez á Ormuzd,—o ceo que nos donástedes non pode ser mellor; mais nós temos lembranzas feridoras pol-a doce e doada terra d' Anthorque. ¿Por qué, oh deus, non nos facedes a mercede d' axeitar un corruncho d' este ceo de maneira que teña os arboredos vizosos, as campiñas ridentes, as augas espellantes e quedas d' aquelas meigas terras nas que quedaron os nosos corpos mortás?

E Ormuzd víu que aquelo era bô. Mandóu chamar ao arquitecto celeste, e fixo un ceo aparte para os anthorqueses.

—Oh, meu deus Ormuzd,—díxolle o porteiro maor;—podente ê a vosa voluntade, que comprida será. Mais pol-o que toca á min, terei unha grave dificultade. Como ese lugar ê tan feiticeiro, todal-as almas qu' entren no ceo cobizaranno. ¿De qué xeito hei de compoñerme para que non entren nel mais que as almas dos anthorqueses?

E Ormuzd respondeulle:

—Unha señal divina teñen as almas: *o verbo*, palabra de vida e d' actividade que eisistía antes da auga, do ceo, da terra e de todol-os animás. El distingue as criaturas. Quen non fale o anthorqués non entrará no seu paradiso.

Quedóu convencido o porteiro.

Un día petaron na porta do ceo.

—¿Quén chama?

—Un anthorqués que quêr entrar na parte do ceo que lle corresponde.

—Ti non es anthorqués porque falas o zendo.

—Eu son nado en Anthorque.

—Pois fala enton na tua lingua.

—A non adeprendín porque era fala de sudras.

—Pois daquela non entrarás. A sinal divina do verbo nativo non brila no teu espíritu.

—¿E á donde teño d' ir enton?

—Ao inferno, que no ceo non poden ser ademitidos os desleigados que faltan â lei d' Ormuzd.

A NOGUEIRA

No cómaro de Lixandre, qu' está cara do levante, facía unha calor que acoraba. As rayolas semellaban fíos d' ouro acesos, escentilantes, que ferían a carne con bicos de fogo.

N-aquel recalmón da fonda corredoira, na que entraba á promo o sol, estaba o señor Mingos do Muiño cavando n-unha cova que tiña mais de vara e media de fondo. De ves en cando suspendía o seu duro trafego e limpaba a suor da enrugada frente, volvendo de novo con mais afición ao duro traballo.

—Santas e boas tardes,—dixolle don Reinaldo, o médico do concello, que apareceu por alí d' acabalo d' unha besta relucente e gorda.

—Amén, señor,—contestoulle o vello Mingos descubríndose.

—¿Vosté seique non está bô!

– ¿E logo?

—¡Con setenta e cinco anos enriba das costas e traballando á estas horas baixo d' un sol que queima!

—E què lle habemos de facer, don Reinaldo? O que levou coma mín toda a vida traballando, non se afai á folgar. Ademáis, hoxe ê o día do meu santo e quero adicalo á esta labor que fai tempo acuciaba.

—¿E pódese saber para que ê esa cova?

—¿Para prantar no seu tempo unha nogueira?

—¡Unha nogueira! Vostè seique pensa vivir mais que Matusalem.—E botouse á rire.

—Non me decataba que o qu' estou facendo poidera darlle risa,—dixo o señor Mingos poñendo cara seria.

—Naturalmente, meu vello amigo. Tên vostede moitos anos, e ponse a prantar unha árbore que non dará froito senon cando xa non teña moas nin feitura d' elas con que comelas. ¿Non ê cousa de se rire?

—¡Ai, don Reinaldo!—excramou o señor Mingos como preparándose para unha longa conversa.—Eu ben sei qu'estou moi vello e que a terra chama por min...

—¿E daquela?

—Daquela... que, en verdade, magóame que unha persoa da sabidencia sua fale d' esa maneira. O ben que Deus nos dá no mundo non pode lograrse sin o noso traballo. O cariño que nas almas espertan os nosos filliños, fai que traballemos algo para os fillos d' eles, en xusto pago do que por nós fixeron os nosos petrucios. A folganza n-este caso pode ser unha cobiza, que ê cousa mala inventada pol-o demo para matar a irmandade entr' os homes. A vida, segun di o crego da freguesia, ê unha cadea, da que os grilons van sempre facéndose novos sin perderen o seu querendoso contauto, e traballando decote pol-o melloramento de todos.

agarimo

—Non falades mal,—dixolle don Reinaldo socarronamente.

—Os homes de letras, coma vosté, poden dicirnos eso en toada de bulra. Mais, se me dá licencia, voulle facer

unha pregunta. ¿Vosté foi quen prantou a nogueira do Souto Pequeno, que lles dá anadas como en ningures se ten visto igual?

—Non; foi meu abó.

—¿E seu abó probou as noces d' esa nogueira?

—Non; hasta os netos non deu froito.

—Pois daquela, meu señor, xa ve qu' estou facendo o mesmo que seu abó fixo, e non tên por qué se rire de min. Estou traballando para que, cando eu estea morto, coman os meus netiños, no día do meu santo, as noces d' esta nogueira. Sin qu' eles se decaten estou preparándolles o regalo que despois non poderei donarlles, porque demasiado sei qu' eu non son Matusalem.

Don Reinaldo pideulle perdón, e foise como avergonzado da leición que o vello acababa de lle dare.

E o señor Mingos volveu ao seu traballo co a fé d' un apóstol que coida estar recibindo órdes do ceo.

O PRIMEIRO SANGUE

Aló n-un curruncho d' Africa, nas terras onde nasce o Nilo, había, no lonxano tempo d' un Tolomeo, unha nación que se gobernaba sempre oíndo dinantes o consello d' un sabio chamado Sponto, que vivía n-unha cova preto da vila principal.

Un día foron á lle falar os labregos:

—Sabio Sponto,—dixéronlle,—o goberno do reino vai de mal en pior. A terra está inzada de ladrós que non nos deixan andare pol-os camiños. As nosas chousas, as nosas vidas non teñen xa seguranza... ¿Qué temos de facer?

—Dar parte â xusticia.

Outro día volveron os labregos:

—Sabio e xusto Sponto, o-Rey gobérnanos moi mal. Non temos camiños empedrados com' os que fan os romanos na Iberia e na Mauritania, e polo-o mesmo non podemos leval-os froitos do noso traballo aos mercados de Fenicia e de Celesía. Os nosos fillos van loitar á terras alleas por razós que non conocemos e causas que non nos importan. As leises e mail-a fala da nosa terra son trocadas por outras que magoan os nosos sentimentos. Sabio Sponto, ¿qué facemos?

—Que os xefes das tribus pidan xusticia ao Rey.

Despois d' un ano tornaron os labregos:

—Sabio mestre, xusto Sponto, outra vez pidimol-o voso

consello. Os xueces qu' o Rei nos mandou son homes sin concencia. Cando vamos á diante do tribunal, gana sempre o poderoso, o sátrapa. A mín leváronme os campós onde o meu gando apastaba. Querelleime. O xués do Rei permiteu que me roubaran os bês qu' herdéi dos meus abós, porque o ladrón deulle cen moedas d' ouro de Tolomeo. Sabio mestre, xusto Sponto, ¿qué facemos?

—Agora, a xusticia debedes de facela pol-a vosa man, —dixo Sponto poñéndose de pé, c' os ollos lostregando de coraxe.—Cando os encargados d' administral-a xusticia, (que ê a paz, o fundamento dos pobos civilizados, a verdadeira representación de Isis na terra), faltan aos seus deberes e trafican co ela, deixando as ~~malas~~ inclinaciós mês dos homes abandonadas aos seus propios instintos, debe de empregarse a forza. Labregos, pobo traballador e forte ¡facede vós a xusticia!

E por primeira vez o sangue verteuse n-aquela terra de lonxe, onde nasce o Nilo.

HOMERO

—¡Qué noite fera!—dicía o vello petrucio.—A sarabia que rebota no tellado, o vento que zoa nas lumieiras, espertan pensamentos caridosos pol-os pobres mariñeiros, que agora andan no mar, e pol-os viandantes sin pan nin agarimo. Bota, miña Sabeliña, bota leña no lume, e que suban aos escanos eses cativiños para se quentaren n-esta lumarada, que ê un ben de Deus.

Os tres nenos, de cabeliños louros, sentáronse á carón do lar, e Sabela botou cachopa na larada. O señor Bastián, o vello petrucio, descubreuse:

—Vaya!... imos rezar pol-as almas dos nosos difuntiños, e porque Deus non s' esquenza n-esta crúa noite, dos que non teñen catro tellas onde s' agarimaren.

E comenzou o rezo do *Pater noster*, co esa mistura de voces infantís e vellas, que semellaban o doce balbor das oraciós dos ceos. O gato amañouse, engruñándose, á rente do lume; e dentro do forno deixou ouir un grilo o *cric-cric* con que festexaba a vívida lus qu' escorrentaba estonces as sombras da cociña.

Petaron na porta.

—¿Quén será?—dixo o señor Bastián baixándose do lar, e dirixíndose â porta do quinteiro.

—¿Quén chama?

—Son eu, son o cego Pascual, que pido casa cuberta por amor de Deus e pol-as almas dos vosos difuntiños.

—Adiante meu amigo,—respondeu o petrucio abrindo a porta.—Adiante, que temos unha boa larada.

Entrou Pascual hasta a cuciña. Era un vello de setenta anos. Traía por compañeiro un cadelo amarrado á unha corda; debaixo da cumprida capa, unha zanfona.

—Alabado sea Deus.

—Para sempre sea bendito e alabado,—respondeu a dona.

—¿Seique non me distingue, señora Sabela? Eu son Pascual o cego, que xa estiven aquí outras veces. A terra que atravesei é terra montañesa, pobre, e quen non tên non pode dare. Non teño, pois, un carto. ¿Poderían darme pousada e mantenza por esta noite?

—Pousada... pode quedar no alpendre, onde gardamol-o carro, qu' está abrigado e hai palla onde deitarse. Mantenza... somos pobres e temos moita necesidade, ¿qué ll' habemos de dare?

—Bueno, sea todo por Deus.

—Suba, entramentras, â lareira, e quéntese.

O cego sentouse tamen á carón do lar. O gato ergueuse larchanamente, e foise para outra banda sin quitar ollo do can forasteiro.

—¡Canto tempo fai que non viña vosté por aquí! —díxolle Bastián. Vexo que agora trai boa roupiña. Esa capa parece a d' un vinculeiro mariñán. ¿Qué boa fada o protexe?

—Esta, señor Bastián, esta;—respondeulle amostrando a zanfona.

—¿E cómo a adiquireu?

—Foi que m' alumou Deus. Dende que perdín a vista—pois inda que vexo algo solo é para endereitarme pol-os camiños—tiven que botarme pol-as portas do mundo á pedire. ¡Cánta fame pasei, virxe do Carme! ¡Cántas angurias sin nome viviron no meu corazón! Nas fiadas, nas regueifas, nos quinteiros cando se facía foliada, as xentes non se decataban de mín. Os farrapos, que mal cubrían o meu corpo, non espertaban a compasión. A mocedade que se adivertía, quiría cántigas, quería verbes churrusqueiros que aumentasen a sua felicidade. Non tiñan daquela os

ánimos para se lembráren dos infortunados. Un día o señor Marqués, que é un bon cristiano, díxome que para lograr esmolas tiña que donarse algo en troques; e mercoume esta zanfona. Adeprendín á tanxere. Toco n-ela a muiñeira das festas e mail-a da groria, a cántiga de Silvana, a do *Lironte-lirón*, e outras mais, que son do agrado dos montañeses.

—¿E daquela déronlle mais esmola?

—Deron, miña santiña, deron.

—¿E por qué non toca agora o *Lironte-lirón?*

O cego comenzou á cantar, acompañado da zanfona. Era unha balada melancónica, tristeira. Falaba d' un amor puro, incumprido, d' almas irmás que non puideran abranguer a felicidade cobizada. O namorado mozo iba de pobo en pobo, d' aldea en aldea, buscando sempre â linda muller. Unha voz suave faloulle solermiñamente dende o eco, y-él, c' os ollos fitos na branca lua, morreu no silencio da noite, namentras as campás dobraban á morto na viciña igrexa!!...

—Siga, siga meu vello Pascual, — dixo a dona côs

ollos cheos de bágoas,—siga co esa cántiga, que ll' hei de dar caldiño e compango esta noite...

E a zanfona sigue xemendo brandamente, e xuntando os seus esvaídos sons cô triste balbor do vento, que fungaba nos viciños piñeiraes.

AXÚDATE

A RODRIGO SANZ

Chovía. Despois d' atravesare a península que forman as rías de Ares e mail-a do Ferrol, cheguei por fin â branca e ridente vila de Mugardos. Non tiven mais remedio que agarimarme n-unha taberna, no final da rua que dá frente ao malecón.

Catro mariñeiros, debruzados sobre d' unha limpa mesa de pino, falaban dos negocios e traballos da sua profesión. Tres d' eles eran mozos barudos, fortes, traxeados á estilo de medio labrador e medio mariñeiro. O outro era un vello, co' a sotobarba branca com' a espuma de Ganderío, de faceiras bermellas, d' anchos e recios hombros. Vestía enxebremente de mariñeiro; e ainda levaba o gorro portugués, moi semellante â barretina dos catalás, que tanto s' estilou outrora entre os habitantes das vilas mariñeiras de Galicia.

—Ben está—decía o vello;—ben está que lle fagades a festa á San Pedro, sempre e cando non vos esquenzades do traballo, que ê a primeira virtude d' un home de ben.

—¿Pero logo, nosoutros non traballamos, señor Bastián?—preguntou un mariñeiro mozo.

—Sí, traballades; mais agora dades no malo costume d' inventar moitas festas d' igrexa, que duran mais d' un día, costando pol-o mesmo moi caras.

—No seu tempo ainda eran mais devotos, meu vello.

—No meu tempo había tamen folgazás que todo o agardaban do ceo, e homes práiticos que cumprían co' aquel refrán que dí: «Axúdate, que Dios te axudará».

O vello Bastián botou un groulo de viño, limpou o bico co' a manga da chaqueta, e, acomodándose no banco coma quen se dispón para unha longa conversa, dixo:

—Rapaces, atendede este feito que me pasou á min cando era patrón do falucho *A Virxen de Chamorro*, que foi a embarcación mais lixeira e de mais sorte de cantas saíron da praya de Maniños. Eramos catorce homes. Saímos unha mañán moi cedo, o día da Asunción, ô mar. Chegamos hasta a altura do cabo Prior, onde atopamos cô falucho de Pepe do Rilo, qu' era un beato á quen Dios teña na sua santa presencia.

O mar estaba rizado: as marexadas tiñan un movimento desigual no cume, que me facía desconfiar do tempo. Cando nos preparábamos á pescar (estábamos á 15 millas de Prioriño) o ceo comenzou á poñerse roibo, acendido pol-a banda de Nordeste. Despois, paseniñamente, foi esmorecendo aquela color hastra tornárese en cincenta e tristeira.

—«Compañeiros,—dixen eu estonces;—estase preparando un fero Nordeste».

As marexadas comenzaron á se ergueren, lixeiras, súpitas. De ves en cando os *carneiros* asomaban por enriba das ondas. O vento infraba a vela de tal xeito que coidei que se tronzaría o pau.

—«¡Cara â terra!»—berrei;—e d' unha orzada puxen a popa ao temporal.

¡Ainda m' arripio, rapaces, ainda se me calla o sangue nas veas pensando n-aqueles duros momentos! As gaivotas viraban as aas para un lado, despois para o outro... Baixaban hasta tocaren a tona do mar, e logo subían âs nubes, com' unha cortiza moi afondada que se ceiba e busca o alto das escuras augas.

Tomamos un rizo â vela; pouco despois tivemos que tomal-os todos. Xa non quedaba mais que un vara de pano. Unha forte racha asubiou rifando a vela: non que-

dou mais remedio que abaixala. A pau seco seguimol-a nosa retirada.

A cen brazas, por babor, navegaba a lancha de Pepe do Rilo.

O vento zombaba con tal furia, que, arrincando a auga do mar, semellaba un espeso neboeiro. As ardentías, cada vez mais outas e mais bruentes, comenzaban a branquear ao longo. O sol xa non se vía, como se chegara para nós a triste noite das tebras. Erguín a cabeza... ¡meu Deus!... o ceo estaba craro por enriba do meu curuto. As gaivotas, berrando, asustadas, fuxían en busca dos penedos da costa brava. ¡A mareira, a negra mareira rexurdía con toda a sua maldita traición!

S' unha d' aquelas ardentías, s' unha d' aquelas bruantes marexadas chegaba á romper sobre da popa do falucho... ¡éramos perdidos! A morte amostraba xa a sua negra boca dende o fondo do mar salado!

Pepe do Rilo, cuyo falucho ainda viñá preto de nós, arrodillouse pidindo cremencia e proteición ao ceo. O mesmo fixeron os seus compañeiros. Pero o pior foi que os meus homes, seguindo o exempro dos viciños, arrodilláronse tamén cramando e chorando coma mulleres...

—¡Virxe santísima de Chanteiro! ¡Virxe do Carme, válenos, sálvanos!... ¡Adiós, meus filliños! ¡Adiós, nosas mulleres!... ¡Adiós, mi madre!...

—«¡Cobardes! ¡Larchás! ¡Galiñas!—berrei collendo a macana de toxo.—Agora non se reza... ¡agora traballade, loitade, obedecede! A facer o qu' eu mande, senón ábrolle a cabeza ao primeiro.»

Cada un púxose no seu lugar dispostos á traballare.

N-aquel momento lembreime de que meu pai dixérame unha vez que a rompente das ondas amainábase c' un fío d' aceite, que así o fixera Noso Señor Xesucristo no mar da Taberaida.

Pedín a alcuza; fun ceibando pola popa con moito modo un fío d' aceite. Era certo o remedio: as marexadas non rompían sobre de nós...

Anda... anda... xa puidemos meter dous remos no mar...

Os mariñeiros de Pepe do Rilo seguían rezando, e que-

daban xa moi lonxe. Un berro d' anguria encheu o aire... ¡Acababa de tragalos o mar para sempre! Imposibre o tornare para lles valere!

—«¡Avante sempre; remade forte!... ¡Avante! hala... hala...»

E eu seguía botando un fío delgadiño d' aceite no mar. Acabouse o d' alcuza, e fun ceibando despois o do candil.

Xa víamos a Coitelada.

—«¡Avante... ánimo...!»

E pol-a popa iba caíndo, delgadiño... delgadiño... o fío d' aceite.

Chegamos ao abrigo do Segaño, e logo despois á Mugardos. No malecón agardábannos as nosas familias.

—«Rapaces—dixen eu ao poñer o pé en terra firme;—rapaces, traballástedes ben. O traballo é unha grande virtude, é a vida mesma. Agora podedes rezar canto queirades, e facer os agasallos que vos dea a gana á todal-as virxes e santos de Chanteiro e tres légoas mais â redonda.»

E o recio vello Bastián botou un groulo de viño, con certa cirimonia, como quen comulga n-unha relixión d' héroes e homes de proveito...

¡A XUSTICIA!

O vello petrucio tiña fondas cavilaciós aquela noite. Con ollos quedos e fitos na esmorecida fogueira do lar, semellaba qu' estaba escismando pensamentos pouco agasalleiros.

A tristura ten a virtude dos andacios, e a familia do señor Paulos, que así se nomeaba o petrucio, estaba tamén calada como se respondera aos mesmos pensamentos.

—¿Seique ten hoxe ferruxe?—atreveuse á dicir por fin o seu fillo Román, qu' era un mozo xentil e barudo que non pasaría dos trinta anos.

—Non, Ramonciño; non teño ferruxe. Estou, sí, cavilando nas cousas do mundo.

—¿E vosté coida que arreglará todo eso co' as suas cavilaciós?—interrogou a sua nora Sabela.

—Non, non penso tal... mais non podo deixar de me doer de certas aldraxadas que fan os demos d' estes tempos que teñen mais forza e poder...

—¿Y-eso ê pra estar caviloso?

—Miña nora, canto mais se vai apurando o fío da nosa vida, mais coidados s' espertan no noso espíritu. Estas noites d' outono mainas, escuras e caladas sementan en nós pensamentos saudosos.

Certamente que vosté está hoxe aqueloutrado, e non temos que facerlle,—dixo Román.—¿Hoxe quedarémonos sin o conto á que vosté nos ten afeitos todal-as noites?

—Sí, sí, un conto, abolito,—dixeron os tres netiños batendo as mans.

—¿E de qué vos hei de falar?

—Inda que sea un conto de pastasmas e de encantamentos—dixo Román;—que os cativos d' agora xa non sinten medo.

—¡De pantasmas e d' encantamentos! ¡Ay, meus filliños!, facedes ben en non lles têr medo. Cando eu era pequeno non se facía un conto á caron do lar que non fora de encantamentos, que ferían o noso cerebro facéndonos despois ver entre das sombras do sobrado mil pantasmas endiañados que nos arripiaban moito.

¡Ditosos tempos aqueles, meus filliños!,—sigueu dicindo o vello Paulos,—¡ditosos tempos aqueles en que tiñamos medo á pantasmas que vivían na imaxinación da xente iñorante! ¡Son outras as malas fadas que agora pesan sobre dos labregos! Aquelas compañas que, nas altas horas da noite, atopábamos na escura congostra; aquela medoñenta compaña qu' iba á rente d' unha tumba, vagueando pol-a tebrosa campía, rodeada de luces esmorecidas e moventes, seguida da desdentada estadea... metía grande medo, ê certo, aos babecos que xuraban que a viran. Os palramentos das meigas na sombrisa Quenlle, da que saían despois, trocadas en brancos carneiros e mouros gatos que atentaban âs comanduleiras viciñas; o demo que andaba ceibo pol-a terra conquerindo ánimas para o seu odiado reino;... aqueles tronantes que a iñorancia dos nosos antepasados coidaba ver nos negros turbiós do ceo, e que despois, cando eran esconxurados pol-o libro de San Ciprián, caían na terra pedazo á pedazo para seren enterrados no monte Medela en baixo de sete croyos; aquelas lumias da noite que asolagaban no mar âs embarcaciós mandadas por mariñeiros que non querían renegar da fe de noso Señor Xesucristo... Todo aquelo, e outras cousas mais, éranvos contos, alucinaciós das xentes de pouca sabidencia; eran, digo, alucinaciós que non furtaban os

froitos das nosas chousas, nin lixaban a honra dos cristianos. Mais agora supoñede que todo aquelo fora certo; xuntade todal-as lúrpias do inferno; arrecadade as barreduras dos canallas e mal nascidos; misturade todo esto e dádelle alma e corpo, e teredes estonces a imaxe verdadeira, a feitura do demo en qu' eu tiña dinantes cravado o meu pensamento.

—¿E quen ê ese demo?—perguntou Román.

—O cacique que vive n-estas infortunadas montañas, esa maldición que tomou corpo en don Reinaldo?...

Este nome fixo correr un estarrecimento d' horror pol-as veas de toda a familia.

—Pero logo,—dixo Sabela,—¿sabedes d' algunha outra infamia d' ese ladrón?

—Si, miña nora, sí; unha infamia que para que se lle dera creto precisábase têr conocimento da baixa condición do home que a fixo.

—Cóntenos, señor.

—Pois veredes, meus filliños, pois veredes. María do Couto estaba cegamente namorada de don Reinaldo. Había malas lenguas que aseguraban que María non se gardaba moito do seu galán, mais esto tiña disculpa pol-o moito querer que lle tiña. Unha noite chegou don Reinaldo â casa de María e dixolle:

«Tí erel-a única persoa d' este mundo que ê merecente da miña confianza; colle estes documentos e gárdaos ben, agáchaos no colchón do teu leito, pois hai malas almas que m' os queren furtar para me perdere.» María acetou con alegría, pois xa ê sabido que para unha alma namorada non hai satisfaición mais agasalleira que a de sere merecente da confianza da persoa que se quere. Don Reinaldo, como sabedes, tiña moito mando no concello, e sospeitaba de que pensaban facer secretario ao pai de María para aminorar d' este xeito o caciquismo seu. Pois ben: no siguente día, deu parte â xusticia de que lle furtaran da oficina os ditos documentos, e deu a confidencia de que debía tel-os o pai de María. Alá foi a xusticia á facer un rexistro, é, n-afecto, atopou os documentos... A proba non tiña volta. O pai de María foi á presidio, onde morreu de tristura, de vergonza e de desesperación; y-ela, a infelís

María, baixou âs Mariñas, e por aló anda, triste, esconsolada, famenta, pidindo pol-as portas do mundo en compaña d' unha criaturiña filla d' ese infame!...

—¿Pero hai xusticia na terra?—dixo Román pechando os puños fortemente.

—Non,—dixo o vello,—a xusticia trabúcase moitas veces. ¡Deus nos teña da sua man! Recémoslle para que nos protexa d' estes demos, e para que a misericordia e a xusticia alumeen a concencia dos homes!

E comenzaron á rezar o vello, a nora e mail-os netiños.

Román non rezaba. O lume, n-unha das suas boqueadas, fixo brilal-a fouce qu' estaba guindada do caneiro. N-ela cravou o mozo unha ollada dura, longa, fera; e dixo para encontra sí facendo rilar os dentes co' a carraxe:

—¡A xusticia! ¡A xusticia!

A LIBERTADE

O LOBO E MAIL-O CAN

Imitación d' unha fábula
de Lafontaine.

Consta d' un vello pergameo, atopado nos cimentos d' unha pirámide exipcia, que aló nos comenzos da historia, dinantes de que os fillos de Tiro e Sidon viñesen nas suas barcas raras e fermosas á visital-as prayas da Iberia, os cans non eisistían, ou millor dito, os cans e mail-os lobos eran unha mesma familia, que andaban pol-os montes e fragas, como verdadeiros foraxidos, comendo cando podían e disfrutando d' unha libertade natural e compreta.

Mais un día, cansos de trafegar no monte, dous de aqueles animás, macho e femia, baixaron á unha vila caldea. Acetaron os costumes da nova vida, e dexeneráronse canto pode dexenerarse un animal que aceta o que non ê propio da sua condición.

Tal ê, según o vello pergameo exipcio, o orixe do can.

* * *

Despois de moitos anos, un forte can de palleiro, tataraneto dos animás foraxidos, sintindo saudades pol-a libertade, deixóu a vila caldea e foise a zanganear pol-o monte.

Na revolta d' unha congostra, atopou c' un lobo famento e fraco coma un asubío. Olláronse fite á fite, e, midindo co' a imaxinación as suas forzas, decidíronse prudentemente á non loitaren.

—Boas tardes, señor lobo.

—Moi boas, señor can.

—¿Seique estás melancónico?

—Estou, ho; a fame sempre foi moi dada âs grandes cavilacións. Este inverno é moi crú, a neve acocha por compreto o monte, e por ningures atopo mantenza.

—Pásalo mal por que queres, lobo amigo. Eu veño d'unha casta que n-outros tempos andaba ceiba por estas montanas... Un día os meus antepasados decatáronse qu'era comenente facerse amigos dos homes, e baixaron â vila. Dendes d' aquela, xa ves que boa pelamia temos.

—Non ê mala, non; mesmamente somellas unha virxe d' Osiris pol-o rixo, gordo e relucente.

—Pois tí podías estal-o mesmo.

—¿E de qué maneira?

—Facendo ó qu'eu fago. Déixate de rilal-os dentes pol-a noite, que tanto medo causa á todol-os animás, e faite amigo dos homes. Os homes, en verdade cho digo, son un fato de lampantís. Adúlaos canto poidas, lámbelles a man cando vexas que che van mallar no lombo, e verás que regalada vida têS en troques. ¿Modo de servirlos? Pouca cousa tamén. Cando na eira entre un señor, con longa túnica e casco coruscante, debes meneal-o rabo de dereita á esquerda, dar duas voltas â sua veira, e despois déitaste no chan ollando solermiñamente. Mais cando algún desgraciado cuberto de farrapos, vello e arrimado á un bordón, pida unha esmola, ou supoñas que nada pode dar, ládraslle canto podes, e fíncaslle os dentes n-unha perna. Tratar mal aos probes ê moi ben visto entre dos animás que se moven sobre duas patas.

—Non me parece mal,—respondeu o lobo cheo d' alegría;—e rógoche que me leves contigo.

—Pois imos indo.

Y-en santa e amorosa compaña comenzaron á camiñar cara â vila. Cando xa estaban preto d' esta, parouse o lobo e perguntou:

—Amigo can, ¿que ê o que tês no pescozo?

—¿Eu? nada.

—Fáltache o pelo en toda a volta.

—¡Ah! E o sitio da colleira, con que de noite me prenden onde a porta.

—¿Non saes fora?—dixo o lobo sentándose sobre das patas traseiras—¿non corres libremente pol-a terra toda cando che dá a gana?

—Non sempre... ¿eso que importa?

—Tanto importa que todal-as regalías e lambetadas que me brindas, nin canto de bon hai na terra, por tal precio non-o quero.

E o lobo, como alma que leva o demo, botou á correr cara ao monte; e desde entón afirmouse a diferencia das duas castas, qu' ende xamais poideron entenderse.

¡BOA PROTEICIÓN!

O RAPOSO E MAIL-AS GALIÑAS

Era entre lusco e fusco. As galiñas, na compaña de tres coruscantes e xentiles galos, empoleiráranse xa no galiñeiro.

Esperguizaron as aas, cataron o bicho, e paseniñamente foron agachando o pico, dispoñéndose á dormir. Xa non se escoitaba mais que o xordo cacarexo d' unha galiña celosa, que dirixía non limpos alcumes á unha pita branca, que aquel serán fora agasallada, con cortesía e con feitos, pol-o galo mais novo e solermiño, verdadeiro sultán n-aquel serrallo voador.

Un dos galos alongou o pescozo, e, dirixindo a cabeza de direita á esquerda, púxose á ouzar. Na porta do galiñeiro sentíanse mainas rabuñaduras, que foron subindo pouquiño á pouco hasta o tarabelo. Os demais galos e galiñas espertaron, e cacarexaron asustados.

—¿Quén anda ahí?—perguntou un galo mozo que d' un brinco baixou hasta a porta, poñéndose á asexar por unha rendixa do caneiro.

—Son eu,—dixo o raposo, que tal era o animal que rabuñaba na porta.

—*Eu* é palabra que á todos nos cadra. Díganos o seu nome, calidade e demais circunstancias.

—Pois eu son o can de palleiro do señor Chinto, que vive preto da ponte.

—¿E qué quêr de nós, señor can de palleiro?

—Pois direivos, meus queridiños, —dixo o raposo con meigo falar que chegaba ao fondo dos corazós dos que escoitaban; —eu sei que tedes moito medo aos raposos ladrós do monte de Lixandre, que mesmamente non vos deixan acougar. Dádesme lástima, abofellas, porque a vosa vida ê ben arrastrada e triste. Como se fosen pouco os traballiños que pasades na eira, e mail-a negra fame que sofrides pol-o esquencimento do señor dono, o voso único porvir ê arrematar na cazola de calquera camanduleiro. A min doime a yalma cavilando sobre da vosa asoballada e humilde condición, dina de mellor sorte...

—¡Vaites, vaites! —dixo estonces bulronamente un galo vello, que non se movera do poleiro.

—¡Es un can de boa lei, ho! —añadeu o galo mais novo que conversaba dende a porta.

—Como tedes moitos enemigos —sigueu falando o raposo, —o voso dono prívavos da libertade pra que os raposos ladrós non vos finquen o dente. ¡Prívavos da libertade, meus quiridiños, que ê a maor desgracia que pode caír sobre un animal, á quen Deus deu aas, como á unha águia, e que as malas fadas os teñen escravos entre valados d' un curro! Eu non podo permitir que vivades d' esa maneira. Movido d' un forte sentimento d' amor e solidaridade, veño á ofrecervos a miña proteición, xurándovos qu' escorrentarei todol-os raposos que vos queiran roubar...

—¡Viva o can do señor Chinto!

—¡Viva! ¡Viva! —berraron galos e galiñas, menos o galo vello que ainda seguía empoleirado.

—Pois abride a porta, meus queridiños, pra seguir a conversa, que aquí fai un corisco que tolle.

Iba o galo pequeno á dar un pulo pra empuxar co pico o tarabelo, cando o galo vello baixou súpito do poleiro, e dixo:

—¡Alto ahí! A os animás que non son da nosa condición non hai que dar creto. Acougade, e deixádeme falar co'ese can, ou o que sea. ¿Erel-o can do señor Chinto?

—Son,—dixo o raposo.

—Pois amóstrame a orella.

—¿E pra qué? A desconfianza non ê dina de galos de boa lei.

—Daquela non abro a porta.

—Aquí tel-a orella,—respondeu o raposo amostrando pol-a rendixa un anaquiño.

—¡Mala perdigonada t' esmendrelle, raposo ladrón! Perdel-o tempo. Esta porta non s' abre pra tí de ningunha maneira. Podes liscar.

E volvéndose despois aos demais compañeiros plumíferos, díxolles solenemente:

—*Tede en conta que os tirans non cumpren os programas democráticos, e que nunca o vicio poderá imitar ben a virtude.*

O VIMBIO E MAIL-O PINO

Á SANTIAGO CASARES QUIROGA

I

—¡Ouh pino lanzal e orguloso!—dicía o vimbio,—dende o cume d' ese cómaro, soilo e escurripado, estás ollando con desprecio as silvas, espiñas, fiunchos e demais herbas cativeiras que medran nestes ridentes vales.

Tamen á min fasme carantoñas nas noites de luar; e cando o vento do sul chega á nós, o teu rum-rum, mais que queixume, somella unha risa bulrona.

Ontes, cando aquel vento forte que arrincaba as frores e follas dos meus compañeiros e amigos, e facía arrendear as miñas ponlas en movimentos epiléuticos, as tuas picudas follas caeron de punta sobre de min e firíronme sin piedade.

Non esquencerei o aldraxe ¡ouh pino lanzal e orguloso! Por mui fachendoso que te poñas morrerás escura e doídamente. Eu dígoche en verdade: a tua mesma fortaleza será a causa d' esa morte.

Cando veñan os vendabales do inverno, eses ventos que fan tembrar a Natureza toda, heite de ver estonces ¡ouh pino lanzal! Bruarás coma un condanado, coma un

lobo doente; queixaraste pidindo piedade; e despois d' unha loita inútil, virás ao chan, tronzado pol-a mitá, rachado; dino castigo ao teu desleigamiento, orgulo e xentileza.

No intre, eu deixarei pasal-o vendabal, baixándome diante da sua forza asoballante, e despois tornarei de novo á estiral-o meu corpiño sobre do loureiro, deixando que a brís recendente d' estes vales me aloumiñe rendeando as miñas follas xeitosas e sempre verdes.

¡Qué pouco vales, ouh pino lanzal e orgulloso!

II

—Oínte, vimbio servil, oínte,—comenzou a rosmar pol-o baixo aquel pino lanzal;—oínte, e xa sei que, según dis tí, a baixeza, o servilismo desleigado e a debilidade vergonzante, son boas condiciós para vivir nestes vales azoutados na crúa invernía pol-as furias do ceo ou do inferno. Así pensan os que, coma tí, non contan con forzas nin puxanza para loitaren pol-a vida: así pensan os escravos, os probes d' espíritu, os que para nada sirven.

¡Vimbio, vimbio cativeiro! cando veñan eses feros vendabales de que me falaches, o teu corpo deble pasará pol-a inominia da humillación; por eso vivirás. As furias dos elementos perdoan casi sempre ao que nada val; o vento duro que arrinca e derruba o forte carballo, nada lle fai ao cativeiro fieito.

Eu quizais secumba: a morte non é certamente unha vergonza. Moitas veces é o escomenzo d' outra vida mais honrada e útil. Mais, cando chegue para min ese día, as piñas que teño guindadas nas ponlas caerán sobre do eido, e ceibarán os piñucos que serán xérmen de moitos fillos meus. Onde dinantes había un pino, nascerá un piñeiral en apreixado coto, que resistirá despois os mais feros e súpetos ventos da crúa invernía.

Sigue gabándote, vimbio servil, escravo, lixado sempre pol-a baba que no teu corpo deixa a lamáchega que vive á caron teu.

O XIRO DO SANCRISTÁN

—Viacó, Andrés, viacó,—dicía o crego de San Roque ao sancristán;—¿tí es home de ben?

—¡Ai, señor! ¿E pergúntamo? ¿E haberá no mundo home mais leal e mellor vasallo ca min? Se San Roque falara podería decirlle se teño ou non teño boa lei.

—Pero como San Roque non fala, e penso que fai ben, fágoche eu a pergunta.

—¡Avo María, señor cura! As suas palabras mesmamente que me dan moito que cavilar. ¿Tên vosté algunha duda da miña honradés?

—Direiche, Andrés: hoxe recollín os cartos da boeta das ánimas, e notei que non hai nin a mitá do que debía d' haber. ¿Quén colleu cartos d' alí?

Andrés rascou fortemente a testa, e despois de vacilar coma quen se vai chapuzar en auga fría no mes de Xaneiro, dixo:

—Pois mire, señor cura: a verdá êlle a verdá, e por dicir mentira non me ha d' abril-as portas o demo. Onte pol-a mañan quitei cinco pesos da boeta.

—¡Gandul, mal sancristán, herexe!... ¡Roubar d' esa maneira âs ánimas do purgatorio!

—¿Eu robar? Eso non ê certo. Escóiteme, pol-a nai que o pareu, e verá como non foi un arroubo. O sancristán de Santa Minia, preto de Pontevedra, debíame unha cantidá dende fai tres anos. Como non tiña modo de mandarma, esquirbinlle dicindo que metera na boeta das ánimas da sua igrexia cinco pesos, qu' eu os recollería da boeta d' aquí.

—¡Mala centella!

—Pero señor... ¿as ánimas perderon algo co' eso?

—Andrés, as ánimas de Santa Minia nada teñen que ver co' as d' esta vila: son autónomas. Cando queiras xirar ou cobrar un xiro, vaste â casa de Pastor da Cruña, porque senon c' as tuas filosofías e descubrimentos comerciales eu sou ó que vai quedar com' as ánimas do purgatorio.

OS LOBOS

—Escoitade o conto, meus fillos,—dixo o señor Xacobe pasando as enrugadas mans pol-a fogueira do lar.—Ainda é cedo, a noite está negra coma boca de lobo, e non podemos ir á ningures.

A dona, mozos e nenos dispuxéronse á escoitar o vello petrucio.

—Cando eu era rapás—fai d' esto moitismos anos,—non había mais que catro casas nesta ridente terra de Sergude. Os montes viciños, mais aló de Paleo e de Balbís, estaban inzados de lobos. De noite, pol-o inverno, baixaban á facer estragos nas leiras, e algunhas veces levaban unha vida. Ninguen se arriscaba á saír ao quinteiro. Non había año nin emprego que estiveran seguros de tornaren â corte.

¡Qué triste e probe era estonces Sergude! «Terra de lobos» chamábanlle nas Mariñas dos Freires; abofé que tiñan razón. As feras e mail-a xusticia que se nos facía dend' o pazo de Miraflores, eran unha cavilación que pesaba sobre de nós como un bafo maldito.

Os viciños de Sergude eran poucos para se libraren dos lobos. Mais un día, o pai do Ferreiro, home intelixente e disposto, esquirbeu un papel que foi lido en todal-as aldeas â redonda, dendes Cerceda á Frades, dendes Mesía á Visantoña. Non sei que diaños dicía o papel, pero o caso

foi que un día xuntáronse en Carral mais de trescentos homes armados de fouces, fisgas, bisarmas e carabinas.

¡Fixeron montesía! O que non lograran os de Sergude por seren poucos, poidéronno facer todol-os homes da bisbarra.

Os lobos foron mortos. A terra quedou libre d' aquela gran disgracia que pesaba sobre nós.

Despois d' esto a aldea chegou á ter mais de trinta casas. A festa de San Xian poido facerse no seu tempo, como se fose na mesma Mariña de Sada. Os hórreos víronse acugulados de mainzo, e as tinallas revertían de viño fresco e recendente. A xusticia de Miraflores non viña tantas veces como dinantes, que onde hai paz e fartura hai tamen bôs pensamentos e bôs feitos. De noite, pol-os quinteiros, inda que fose no inverno, sintíanse as alegres cántigas e os aturuxos da mocedade que iba de ruada. ¡A bendición de Deus—dixo o abó descubríndose—viñera sobre as nosas chousas!

—¡Xa sabedes, meus filliños, xa sabedes! Contra dos lobos que non nos deixan vivir e que nos levan a nosa facenda, temos que facer montesía... todos... todos xuntos!—finou ó vello petrucio, pechando fortemente o puño, como dirixíndose á un enemigo qu' estivera asexando pol-as escuras lumieiras...

VOLVE POR OUTRA

¡Qué ben coidaba Bastián o xardín do pazo dos señores d' Armuño! Non había en tres légoas â redonda hortelán que mellor soupera o seu oficio.

Era de poucas falas. Cando os señores lle perguntaban algo non daba resposta sin dinantes poñere en órde os seus pensamentos. Era, pois, un home de peso e de proveito, á quen pidían consello os viciños na seguranza d' acertaren nos seus negocios.

Todol-os anos viña á pasal-o vran á Armuño un señor que, á forza d' argalladas e de vértolas, e coa proteición dos vexatos da política mariñan, chegara á Ministro. Inda qu' era nado en Galicia, non conocía d' esta mais que a organización do caciquismo, verdadeira rede, na que, com' a mosca na tea da araña, está colleito o noso sufrido labrego.

O señor Bastián o non quería ben. No fondo dos seus pensamentos latexaba decote a rebeldía diante d' esta clâs de xente que tên verdadeira xenreira pol-as cousas da terra, e que ainda coidan que os labregos son seus escravos.

Unha tarde estaba o noso home regando as prantas do xardín, cando chegou alí o Ministro.

—Boas tardes, Bastián.

—Felices as teña vosté.

—¿Seique estás facendo de Neptuno providente?

—Eu non lle teño o gusto de conocer ese señor... nin teño ouvido d' él, nin sei á que familia pertenece. O que

lle podo asegurar, sin medo á trabucarme, ê qu' estou regando o xardín.

—Ben o vexo, meu amigo. Mais, non che pareza mal, Bastián. Neptuno foi un deus, aló n-outros tempos, que coidaba das augas.

—Pois éralle un deus papudo, señor, que agradezo moito ter noticias d' él. Pero dígame, e dispense... ¿vosté sabe quen inventou a tinta?

—Home... non...

—Pois eso sábello calquera mariñan inda que non teña ido â escola. A tinta inventouna o calamar.

O Ministro largou un pouco amoscado porque comprendeu que na resposta e pregunta de Bastián había un fondo de malquerencia. A estes grandes señores, que queren ter decote asoballado o labrego, non lles fai gracia de que se permitan tan siquera a libertá d' unha resposta que non sea filla do servilismo.

Mais tarde tornou pol-o xardín o Ministro.

—Bastián, estouche moi obrigado por têrme dito quen foi o inventor da tinta. Tês fama d' home sabido, e hoxe demostráchelo ben, abofé!

—Señor, cada un sabe o que sabe...

—Naturalmente, e veño outra vez, á poñer en proba o teu bon sentido. Aténdeme pois. Se Deus quixera trocal-a tua natureza dándoche á escoller entre ser burro ou cabalo ¿qué escollerías?

Bastián quedou maxinativo diante da bulrona e desatenta pergunta. Puxo âs carreiras en órde os seus pensamentos, e logo respondeu:

—Eu rogaría á Deus que me fixera burro.

—¡Burro! ¿E por qué?

—Porque d' esa maneira podería chegar á ser Ministro.

CON POLAINA E MEDIA

Na ridente parroquia de Mondego, preto da branca e limpa vila de Sada, vivía un velliño, cangado pol-os moitos anos e mais pol-a retranca, que andaba á pidir pol-as portas do mundo. Nomeábase o Cazolo, e tiña un fillo, cativo e listo com' unha donosiña, a quen lle puxeran o alcume de Pucheiro, que ven sendo un cazolo pequeno.

O vello do noso conto caeu enfermo, e despóis de ter recibido todol-os santos sacramentos—pois, según facía ver, o seu fillo era moi temeroso de Deus,—rompeuse o fío da sua vida, librándose d' este xeito de pasar angurias, nos bretemosos días da cruda invernía, cando pelingrinaba pol-os lameiros mariñás chamando ás portas dos caritativos corazós.

O Cazolo deixara, en boas moedas de prata, mais de doce mil reás, cantidade que foi medrando coma o leite no lume ao ire a noticia de viciño á viciño.

Pasaron moitos días. O Pucheiro no se dispoñía a facer cirimonia algunha pol-o descanso de seu pai; e o señor cura da fregresía, coidando do bon réxime das almas, mandou chamar ao desleigado fillo.

—Viacó, Pucheiro, viacó. Chegou á meu conocemento que teu pai deixouche unha boa morea de cartos. Si has de comprir coa tua obriga de bon cristiano e bon fillo, tês que facere algo pol-o descanso da sua alma.

—Pensaréi n-eso, señor, pensaréi n-eso.

—Non, Pucheiro, non; esas sagradas obrigaciós non se pensan, cúmprense.

—Señor cura, como eu son home equitativo, teño dinantes que midir o pró e mail-o contra.

—¡Home equitativo! Xuncras me non leve se non és home perdido. Algún boletín abafado revolveuche o miolo. ¿Tí á que partido perteneces?

—A Betanzos...

—Non, ho; quero dicir que política tês.

—¿Política? Ningunha. Os homes coma mín, teñen d' abondo con seren equitativos.

—Pois non che se conoce.

—Aténdame e verá. Supoñamos que meu pai, pol-os seus pecados, si ê que os tivo, está ardendo nos infernos. ¿Pode sair d' aquel lugar?

—Non, Pucheiro; Deus é xusto, e se o Cazolo estivera n-aquel lugar de castigo, xa non tería remedio.

—¡Moi ben! Agora supoñamos qu' está na groria: ¿mellorará de condición porque lle fagamos honras?

—Tampouco: xa che dixen que Deus ê xusto e misericordioso, e na groria daríalle o seu premio. Pero xa m' estás amocando coas tuas preguntas, dinas d' un mal fillo e de pior cristiano. ¿E si teu pai está no Purgatorio, que ê o mais seguro?

—Daquela, señor cura, que salla pol-o seu turno, que a min non me gusta facer mala partida á ninguén, pois xa lle dixen qu' eu son home equitativo.

—Serás, home, serás.

O AFORRÓN

Non se recordaba en Samoedo home mais gandul e larchán que Xaquín do Couto. Cando iba á traballar, qu' era poucas veces, do xornal que lle daban non chegaba un ichavo ás mans da sua madre; o que chegaba â casa era un peneque que mesmo daba noxo, en cuyo lombo mallaban como no liño verde.

Inda que sua nai non tiña mais bês que a chouza en que vivía, nin mais facenda que a que pode ter unha probe viuda, vella e cangada pol-as enfermedades, amañouse como poido para xuntal-os cartos do pasaxe do seu fillo â Habana. Alá se foi Xaquín disposto á traballar coma un negro, non hai xente de mellores intenciós que os gandules,—e á traer mais pesos d'ouro dos que pode xuntar un cacique mariñan en funciós de xués ou secretario.

Seis anos xustos estivo na Habana. En tal tempo non recibeu a pobre da vella un carto, nin siquera catro malas letras dando conta da vida de Xaquín.

Presentóuse éste en Samoedo un domingo pol-a tarde. Viña vestido á estilo d'indiano: pantalón branco, de forneiro en día de festa, chapeu de palla feitura *canotier*, corbata bermella c'un anelo que tiña un brilante que mesmo barría a vista, y-un reló *Tindall* d'eses qu'empregan os ingreses para cazar indios bravos. Ademais

traía n-unha gayola de follalata dourada, un loro que falaba o castelan com' un criollo do val de Yumurí. O condanado paxaro non calaba un momento:—«Joaquín, dame la patica.—Cómo no salao.—Mulatica, dame tu amol.—Esto es candela, viejito». E outras cousas pol-o mesmo xeito qu' era unha ademiración.

En Samoedo causou un verdadeiro *estomballamento* aquel paxaro, que coidaban fose unha pega carrachenta ou unha cotovía americana graduada de doutor.

—Xaquiniño,—decíalle agarimosamente a naí;—vexo que ves ben d' aforros.

—Regular, miña nai; nada mais que regular.

—A min tés que me dicir a verdade. Por ahí córrese que vas mercal-a casa do habanero.

—Non penso pol-o d' agora.

—Home non ê mala finca.

—Non ê mala, non señora; pero non teño o pensamento de metel-o meu capital n-eso.

—Bueno, ti saberás o que mellor che conven.

A vella sigueu tirando da língua á Xaquín, con tal maña, qu' éste, âs derradeiras, díxolle:

—Miña nai, pra que vexa a grande confianza que me merece, voulle entregar todol-os meus aforros.

E d'unha hucha, cuberta de follalata pintada, sacou a faltriqueira que puxo nas mans da vella, quen, tembrando com' un vimbio, contou diñeiro.

—¡Jasús! ¡Jasús, María y José! ¡Aquí non hai mais que cento vinte reás! ¡Gandul, larpeiro, larchán, pampero!... ¡Mala centella te fenda! ¡Aforrache seis pesos en seis anos!

—Pero, miña nai, acougue. Teña en conta que se chego á estar na Habana cen mil anos, traeríalle cen mil pesos...

Pero o razonamento non convencéu â vella, que se puxo descomposta e alritada. Colleu á Xaquín pol-o pescozo e doulle catro zocazos na parte mais gorda, e d' un rempuxón deitouno no medio e medio do camiño. Despois colleu a gayola do loro, e ceibouna con toda a sua forza enriba do esmendrellado mozo; e o loro berraba asustado:

—Joaquín, salao, dame la patica. Esto es candela!

O ESCARMENTO

¿Conocedel-a vila de Sada? ¿Non? Pois abofé como o sinto moito. Inda que ê pequena, á xentil e bonita non lla empata ningunha outra das vilas mariñeiras de Galicia.

Abonde con decirvos que ten unha campiña feiticeira, ridente, como en ningures teredes visto; e que a vila está no final d' esta campiña, gardada pol-o Couto e mais pol-o alto d' Ouces como unha xoya pra que non a firan os feros coriscos da crúa invernía.

Mais, preto de Sada, â man esquerda según s' entra pol-a carretera da Cruña, hai un monte nomeado Lixandre, que sempre deu que pensar á nenos e vellos. Non se ten noticia de que s' atrevera ninguen á entrar de noite n-aquela arboreda.

No medio do monte hai ainda un croyo que non poden abrazalo dous homes, e que lle chaman *a pedra das agullas*. Decían n-outros tempos que quen tocara á esta pedra morrería dentro dos nove días xustos, debido á un encantamento que lle deran os mouros. Pol-a banda do Este está a moi nomeada Quenlle, que os homes sabidos din que foi unha mina d' estaño no tempo dos fenicios, pero que agora ê o sitio onde se xuntan de noite as estadeas, meigas e lugrumantes pra faceren parlamento. Pol-o menos así coidaban fai anos os viciños da vila, e non sei se pensarán o mesmo agora.

Os trasnos non tiñan feito mal algún que se soupera. O que tiraba o sono dos labradores eran os conxanados raposos que vivían á centos no monte de Lixandre. Non pasaba día sin que deixaran de facer unha das suas; e non valía que se puxeran nos galiñeiros, tarabelos nin trancas; os conxanados ladrós dábanse unha maña que para sí quixeran algús dos caciques que, pra acabación da nosa pacencia, siguen vivindo sobre dos nosos labregos.

Tantos raposos había, que xa coidaban que a pedra das agullas tiña a mala virtú de crialos. O señor Chocos, un vello que ainda creía na atraición da sirea e no encantamento da Covadanca, xuraba e perxuraba, que aquel maldito croyo tiña a culpa de todo.

—Mala sentella del sielo lo abrase;—dicía o señor Chocos cando lle faltaba unha galiña;—ese croyo vai sel-a miña condenación.

Mail-o caso era que os raposos aumentaban, e tiñan tal atrevimento, que xa chegaban á pasearse pol-a praza da vila, diante das mismas barbas do tío Andrés d' Olaya, camareiro do divino San Roque, e padriño de Sanamede, a quen o carpinteiro que o fixo púxolle nas mans unha ristra de chourizos á medio encher.

Un día, Lourenzo da Chaburra, un labrego que ben podemos chamar anfibio porque tamén iba â rapeta, e que lía de corrido os boletís no adro de Santa María, conferenciou co a valente e honrada Pepa a Montañesa.

—Señora Pepa—díxolle Lourenzo—os raposos ladrós inzan esta terra e non nos deixan vivire.

—E certo, amigo Lourenzo, ê certo. Xa fai tempo que eu me dín conta d' eso; pero estes viciños non se xuntan para nada, toda a forza se lles vai pol-a boca, e os raposos andan pol-a vila como pol-o propio monte, e levan trazas de facérense donos de todo.

—¿E logo? ¿Darémoslle unha batida?

—E tempo perdido; os raposos e mail-os conexos cando un pensa que xa non queda ningun, volven á aparecer com' os sapos cando cai orballo pol-o vran.

—¿E que me aconsella que faga pra que os raposos deixen en paz âs miñas galiñas?

—Atende, Lourenzo; os raposos son animales de moita

sabidencia. Búlranse sempre de todal-as pantermas e trebellos que se lles poñan. Cando coidan que lles peligra o pelexo, fanse os mortos.

—Pero logo ¿qué m' aconsella?

—O que teño aconsellado n-outras ocasiós, sin que houbera viciño que se guiara por min: ¡O escarmento!

—¿E de que maneira?

—Pois verás. Vaite ao monte de Lixandre, e pon unha

trampa de dentes diante da cova d' un raposo. Como eles non conocen ese mecanismo, caerá pol-o menos un. Cóllelo despois, esfólalo ben esfoladiño, logo polo n-un espeto e crávalo dereito no curuto do monte. Os demais raposos entenderán a indireita, e fuxirán á lonxe por medo do escarmento.

Así se fixo. Unha mañan apareceu uu raposo encravado n-un espeto. Os demais deberon d' entender aquela razón, e mudaron de tobo.

A virtú da pedra das agullas foi negada despois por todos. Tocáballe quen quería, sin térenlle medo, e hasta fixeron enriba d' ela certas necesidades.

¡Xa sabedes de que maneira morren os vellos encantamentos, e como se fan fuxir os raposos que gustan das vosas galiñas!

UN ALDRAXE

Estebo de Casal era un mozo de pouco conocemento e d'un xenio com'unha malva. Abofé que non se facía memoria de que houbese tido custion con ninguen.

Un amigo d'Estebo, fillo do zoqueiro que se chamaba por mal nome Cantorto, chegara n-aqueles días do servicio do rei. No cuartel, entre d'outras cousas de grande utilidade, adeprendera a misturar co'a nosa fala xiros e verbes castellanos que mesmamente daba noxo oílos.

Unha tarde víronse os dous amigos na taberna de Gorecho, e non se sabe como comenzou a riña; pero o caso foi que andaron a labazada limpa. O amigo d'Estebo saéu esmendrellado de ves.

O cura da freguesía, que tina moito coidado de que a mocedade vivira en paz, e pra que a custion non chegara á mais, chamou á Estebo pra lle dar unha reprimenda pol-o escándalo da taberna.

—Entra, Estebo, entra sin recelo, e séntate aquí, â veira da mesa.

—Moitas gracias,—dixo o mozo sentándose.

—Mandeite chamar para que m'espriques que diaño de mosca che picou onte, que de tal xeito che fixo perdel-o bon sentido andando á golpes c'un amigo e compañeiro teu.

—Señor cura, xúrolle pol-o mais sagrado que o aldraxe non foi para menos.

—Eu xa sei que tí ês mozo de bon xenio e de moito peso; mais algunhas veces perde un a razón sin que se decate do por qué.

—Atenda señor cura; cando un home, coma mín, chega á unha situación «pecuaria» non lle gusta que lle lembren a sua probeza.

—Sí, home, sí;—respondeulle o señor cura sorrindo;—a tua situación ben comprendo que ê precaria, pero xa Deus te remediará.

—Eu non teño a culpa de non sere rico, e non me gusta que ningun larpeiro se bulre de min.

—Ben, home, ben. Vamos ver que clâs de aldraxe sofriches tí que de tal maneira te descompuxo.

—¡Ainda se m'arrepía o corpo pensando no que me dixo! Despois de que ll'o conte darame vosté á razón. Pois verá. Cheguei eu â taberna do Garelo e atopei alí co Peilao, que así lle chaman d'alcume ô fillo de Cantorto, que tamen ê alcume, con perdón. Porque levaba eu posta unha chaqueta nova, que m'a fixo o fillo de Pitolongo, chamoume *alejante*, e com'á min non me gustan os alcumes...

—¡Xa vexo, xa, que non che gustan os alcumes!

—Eu díxenlle entonces qu'eso d'*alejante* non llo deixaba decir nin ao mesmo Ferabrás, e que fose á inxuriar â sua casta toda.

—¡Se non te inxuriou, Estebo!

—Non me diga eso, señor cura. Despois chamoume larpeiro... ¡eu calado!; díxome que meu pai era un ladrón... ¡eu calado!; que miña nai... ê verdá, si señor... ¡eu calado!; qu'eu era unha besta que non entendía as parolas da xente fina... ¡eu calado! E âs derradeiras púxose de pé, e

díxome solenemente, ollando para min fite á fite.—«Atende, Estebo, tí es un home del *tenor siguiente*...» Non puiden seguir ouindo, perdín o conocemento co'a rabia, erguín a man e deille un lapo do revés que lle fixen bical-o chan; e se n-aquel entonces teño unha centella â miña disposición céibolla enriba... inda que despois me levaran â cadea.»

IR POR LAN

(Don Pedro, que é un abogado de verdade pol-o estudio e un abogado das silveiras pol-a retranca, está sentado buceando no Código civil. Fora, na rua, síntense gritos descompostos d'unha muller.)

Don Pedro.—Outra vez escandaliza esa condenada de Peroxa. Para vender un pucheiro fala mais que Moret e berra como se na gorxa tivera un cornetín de pistón. Onte escachoulle unha ola nos mesmos fuciños á un paisano de Veigue porque lle chamóu doncella; e o municipal Cachiñas tenlle mais medo que á un can doente.

Peroxa *(entrando)*.—Santas e boas tardes.

Don Pedro.—Santas e boas. Alégrome que veña por aquí para decirlle que me faga o favor de non escandalizar mais...

Peroxa.—Vaya, señor, non s'enferruñe, que abofé non lle senta ben.

Don Pedro.—Déixese de leria, e dígame axiña o que a trai por aquí.

Peroxa.—Pero logo... ¿non oíu? Pasoume unha disgracia moi grande. O meu establecimiento esmendrellouse de todo.

Don Pedro.—Sí, algo oín. ¿Rompéuselle moito?

Peroxa.—Sete olas, catorce cubiletes, tres petos, vinte

tarteiras e mais de duas ducias de cuncas vidradas. Con corenta reás non se me paga a perda.

DON PEDRO.—¿E quén ll' as rompeu?

PEROXA.—O can do señor... boticario, que mesmo me colleu tema e que coido que debe de ter catro demos dentro do corpo. Entrou no meu establecimento, comenzou a brincar como un cabrito tolo, e canto mais quixen escorrentalo mais pezas m' escachou.

DON PEDRO.—¿E que teño eu que ver cô can do boticario, côs demos que leve dentro, nin côs pucheiros escachados?

PEROXA.—Entendido, don Pedro. Vosté nada ten que ver cô can, con perdón; e cô señor boticario, tampouco, inda que se leva co él como o can e mail-o gato. Pero eu veño a facerlle a consulta de s' eu teño direito ou non á cobrar do señor boticario os cacharros que me rompeu o can.

DON PEDRO *(alegrándose)*.—¿E ten testigos do feito?

PEROXA.—¿E non hei de tere! Sete cristianos que o viron, e que son capaces de xuralo diante das barbas d' un tronante.

DON PEDRO.—¿Pois daquela, que duda ten? Os amos responden sempre das averías dos seus animás.

PEROXA.—¡Xa m'o parecía a mín!

DON PEDRO.—¿E canto importan os cacharros?

PEROXA.—Pois direille... *(Botando a conta pol-os dedos.)* Corenta reás... xustos... sin qu' eu leve de mais nin un carto... que á legal non me gana ninguén. Pero, señor... ¿vosté coida que o boticario pagará?

DON PEDRO *(con seriedade)*.—O señor boticario, como todol-os homes que teñen vergonza e amor pol-o próximo, non pode negarse á pagar esas pesetas á unha pobre como vosté. Quen gusta de ter animás ceibos pol-as ruas, ten que sufril-as consecuencias. Xa ve... eu tamen teño un can, que non-o deixo sair da horta...

PEROXA.—Abofé como vosté é un home de ben, feito e dereito. Ten lástima dos probes «que vivimos do noso traballo», *(con sorna)*, e ten sabidencia como se levara dentro do peito sete mestres d' escola... ¿E non ha de tere? ¡Avomaría! Pero se me dá licencia, e non m' o leva á mal,

e me perdoa e dispensa... direille que o can... o can... non era o do señor boticario.

Don Pedro *(erguéndose)*.—¿E logo?

Peroxa *(silabeando)*.—«Vosté ten moita vergonza e amor pol-o próximo». O can... o can...

DON PEDRO.—A ver se pare d'unha vez.

PEROXA.—Meigas fora señor, que non teño por qué. O can era... de vosté.

DON PEDRO.—¿Meu?

PEROXA.—Teño sete testigos.

DON PEDRO.—¿E qué quere?

PEROXA.—Os corenta reás.

DON PEDRO.—(Xiringácheme). *(Abre un caixón da mesa, e dalle dous pesos.)*

PEROXA.—Vaya todo pol-a alma dos seus abós. Agora, con licencia, ireime... *(Diríxese â porta da escaleira).*

DON PEDRO.—¡Ei! ¡Ei! Ainda non finou o conto, miña amiga. O can escachou os cacharros... eu paguei... ê certo. Pero agora teño que cobrarlle a consulta.

PEROXA.—¡A consulta!

DON PEDRO.—Nin mais nin menos. «Cada un vive do seu traballo». Vosté non se vai d'aquí sin pagarme corenta reás, como corenta soles, pol-a consulta. ¡Ea! Veñan eses cartos! *(En actitú fera).*

PEROXA.—Señor... acougue... non s'alrite. ¡Xesús! ¡Avomaría! Tome... e que lle sirvan para catro casqueiros... *(Devolve os dous pesos).*

DON PEDRO.—Agora quedamos pagados.

PEROXA.—Así lle pague *el Señor* no día do xuicio. ¿E os meus cacharros?

DON PEDRO.—Ten que reclamalos do Nuncio, e desconsural-o meu can para que lle fuxan do corpo os catro demos malinos.

(A Peroxa vaise, ceibando un repertorio de verbes que recordan os curunchos do muelle de Montoto correxidos e aumentados por unha parexa d'arrieiros bébedos).

ENTRE COMPAÑEIROS

O médico don Cándido mercara un porco na feira do primeiro de Betanzos. A os poucos días enfermóuselle o animaliño, e veuse na necesidá de chamar á un albéitar, ou «ciruxano das bestas», coma din os viciños de Miodelo.

—Chameino,—díxolle don Cándido,—porque é unha lástima que un animal coma este morra sin *o ausilio da cencia*.

O albéitar señor Mingos, que así se chamaba, comprendeu que nas derradeiras palabras do médico había unha intención bulrona, e respondeulle;

—Está ben, señor don Cándido, está ben: cada un fai o que pode. Menos mal que a miña cencia é d'abondo para sanal-os porcos, con perdón... Direille, se me dá licencia, que como estes animaliños non falan, é mais difícil do que moitos pensan adiviñar o mal e facer un diagnóstico... ¡Ah, s'eles falaran... a cousa non tería moita cencia!...

Co'esta indireita quedou ben cobrado o señor Mingos.

Comenzou, pois, a cura do porco, que non tardou sete días en estare mais rufo que un cacique fora a y-alma, s'é qu'estes animás dañinos a teñen, que hai moitos que o dudan.

—Señor don Cándido, o porco xa está sanado, e pol-o mesmo non volvo mais por aquí.

—¿E qu' enfermedade tiña?

—Unha *enteiritis* con *outrusion* do tubo chamado *Pedro-Peres*, que lle producía unha melanconía que mesmamente o tiña esganado.

—Vexo qu' está vosté moi ben en terminoloxía...

—Eu voume gobernando como podo, do mesmo xeito que vosté se goberna...

—Sí, home, sí; —respondeulle o médico dándolle unhas palmadiñas nas costas; —ê vostede un galeno feito e direito...

—Moitas gracias...

—¿E cánto lle debo pol-a cura do porco?

—Nada, don Cándido, nada... ¡Avo María! ¿E habíalle de cobrar eu? De ningunha maneira!... *Entre compañeiros sempre estamos pagados.*

¡BÓTELLE TERRA!

Xan do Couto tiña sona de lampantín e de zaramalleiro, e abofé que vos era merecente d'ela.

Entre da xente que o non conocía dábase tal fachenda que mesmo semellaba que era fillo d'un vinculeiro mariñán.

Unha vez, estando cerca o día da festa de Santa María, patrona da vila, Xan do Couto decatouse de que non tiña roupa nova para pampear nos bailes da praza maor pol-a tarde, e pol-a noite nos que se daban no salon do Pedregal, onde un piano con veo era un encantamento qu'engayolaba todol-os mozos do concello.

Non lle quedaban, pois, mais que corenta reás, e con tan pouco diñeiro non podía adequirir o que lle facía tanta falta; mais con ese diñeiro púxose camiño da Cruña disposto á non tornar sin o traxe cobizado.

N-unha rua, da que agora non me lembro, había unha tenda, na que, ademais de facérense traxes â medida, tiñanos xa feitos para a venta, d'eses que chaman *de refacción*.

—Moi boas tardes,—dixo Xan entrando no establecimento.

—Mois boas,—respondeulle o tendeiro; ¿qué precisa, paisano?

—Nada, señor; veño pagar unha deuda.

—¿E cómo é o seu nome?

—Francisco Lamela, para servir á Deus e á vosté;—dixo Xan do Couto.

O tendeiro buscou aquel nome no índice do libro mayor, onde tiña as contas dos deudores, e dixo:

—Aquí non hay ningún Lamela; vosté trabucouse de casa.

—Non, señor; acórdome ben que foi aquí onde quedei á deber os dous pesos.

Volveu o tendeiro á ollar de novo o índice.

—Pois non, aquí non figura ningún Francisco Lamela. A non ser que o meu fillo mais vello fose o que s'entendeu con vosté, e se teña esquencido!...

—Eso é, si señor; era o seu fillo quen me despachou estonces. Eu son home leal e honrado, debo dous pesos á esta casa, e a miña concencia mándame pagar. Aquí ten o diñeiro.

—Bueno, home, bueno. Vexo que ainda hai homes de ben no mundo;—e colleu os dous pesos que lle daba o lacazán de Xan do Couto.—E agora ¿non merca algo, señor Lamela?

—Eu de boa gana levaba un traxe feito, d'estes que ten de mostra na vidreira; pero como han de ser moi caros, contentareime con encargalo ao xastre do meu pobo

—Non, home, non; eses traxes son á sete pesos. Próbese un, e se lle cai ben, pode levalo; que o home que paga da maneira que vosté me pagou, ten creto en calquera lado.

E Xan do Couto visteuse un traxe, que ll'estaba que nin pintado; envolveu o vello n-un boletín, e despois o tendeiro abreu o libro e apuntou a venta. Andivo buscando un papel secante pra que non se ll'emborrallase o escrito, e non o atopou; buscou a salvadeira, e tampouco tiña area.

—¿Seique non atopa conque secal-a tinta?—dixo Antón con sorna raposeira;—pois, daquela *bótelle terra, señor.*

E o tendeiro rabuñou no chan e botoulle terra á anotación de Lamela... á quen non volveu á verlle o pelo...

BOA MEICIÑA

—Santas e boas tardes, don Pedro.

—Mois boas, Antón. ¿Xa deches fin ao traballo?

—Xa, si señor; prantei no fondal da horta as patacas coma vosté me mandou. ¡Queira Deus que teña unha boa anada!

—E que tí a vexas. Hoxe non t'irás sin probar un bocadiño.

—Non, señor; moitas gracias.

—Déixate de cumprimentos, que xa sei que ês de bon dente. Micaela,—díxolle â criada qu'estaba alí presente repasando a roupa da seman;—trai o queixo de Flandes, pan de molete e mais viño para Antón.

A criada foi buscar de contado o que ll'ordeaban. Puxo un mantel de liño branco com'a neve, e dixo:

—Xa podes comer, Antón; queixo coma este o non lambiches na tua vida.

—¡Jasús! se non te metes conmigo, estoupas. E ben certo que non hai peor cuña que a do mesmo pau. Se ti foras a señora, aquí non lamberían nin as moscas.

—¡Vaya! Abonda de leria;—dixo entonces don Pedro;—séntate, Antón, e come, sin vergonza.

—Xa que s'empeña...—respondeu Anton sentándose â mesa.—¡Alabado sea Deus!... ¡Qué queixo, rechunflas!

Abofé que ten bon ulido, anque semella unha bala de cañón.

—Verás que ben che sabe.

—Pois daquela coa sua licencia comenzarei.

E Anton colleu o coitelo e rabanou unha terceira parte do queixo, que comeu sin respirar e sin probar frangulla de pan. Botou despois un groulo de viño, e cortou outra rabanada que deixou tembrando o queixo.

—Inda estoupes com' unha bolerca—decía para o seu xustillo Micaela vendo que non quedaría un anaco siquera.

—Amigo Anton,—díxolle daquela don Pedro;—vexo que che gusta o queixo, e alégrome moito, porque descomasí, para eso o merquei. Mais teño que che dicir unha cousa en proveito teu, e dispensa Este queixo ven d' aló, de terra estranxeira, envolto n-un papel que recomenda moito que se coma sin degoramento; quêr dicir, que cada persoa non coma d' unha ves mais de catro onzas de peso...

—¿E se come mais, qué lle socede?—perguntou Anton.

—Direiche; se come mais de catro onzas, ponse tatexo; e se se farta, coma tí o estás facendo, perde a fala.

—¿Qué me dí, señor! ¡Benia a nai que o pareu! Téñolle unha muller que parece que ten entre peito y-espaldra media ducia de saca moas, ou un *fontógrafo* con corno e todo, dos que vende un imprentador da calle Real da Cruña. Algunhas veces éntranme ganas d' esmendrellala d' un fungueirazo, porque tanto lle dá â lengua que mesmo me fai esquencer de qu' eu son un home. Xa lle pidín ao médico do concello que me dera unha meiciña que a sanara... e nada logrei. Vosté ê un ánxel para min, dicín-

dome a virtú d'este queixo, que Deus bendiga; e pol-o mesmo, con licencia, levarei o que queda para que a miña muller o coma d'unha vez, e perda d'ese xeito o condanado costume de falar, que tanto me fai adoecer...

E gardou no peto da chaqueta o codelo de queixo que ainda quedaba enriba da mesa.

¡PROTESTANTE!

O home do noso conto era un poeta gallego, que, despois de cantar en versos valentes «os celtas fazañosos» e de soñar na redención da sua terra, tivo que abaixar as suas fidalgas pretensiós de tal xeito que acetou o cargo de viaxante d'unha fábrica de folla de lata. ¡Triste sarcasmo da sua sorte que o obrigaba á trocál-o comercio das musas pol-a venta d'envases para sardiñas, calamares e maragotas!

Alá foi pol-as Rías Baixas á facel-o choyo—esto do «choyo» vai sin segunda;—e despois de visital-as feiticeiras e nunca ben gabadas rías de Noya e d'Arosa, chegou â limpa, branca e ridente vila de Bueu, na ría de Marín.

Alí tomou pasaxe n-un coche tirado por catro cabalos barrufeiros, e saeu unha mañan cara á Cangas, sin outra compaña que a d'unha muller alta, seca, morena, d'ollar intelixente, que pol-o modo de falar era filla da nobre e traballadora Cataluña.

Era, abofé, unha dona que sabía moito de letras, e finaron por falar d'asuntos literarios.

—Yo també hago poesías ¿sabe vosté? que m'aguste molt la literatura, aunque mal m'esté el desirlo.

—Canto m'alegro;—contestoulle o viaxante Miguel,

que así se nomeaba o noso persoaxe;—Cataluña e mais Galicia teñen moitas semellanzas.

Despois falaron de Mistral, de Verdaguer, de Rosalía de Castro, de Pondal; e ás derradeiras perguntou a catalana:

—¿Y vosté es catolich?

—¿Eu? xa non me decato, miña señora o que lle son. ¡Fun tantas cousas n-este baixo mundo! Agora adícome ao rexenador choyo da lata... e dispense.

A catalana falou despois do Deuterenomio, do Pentecostés, do Cantar dos Cantares!...

—¡San Froilán me valla, e Santa Minia me protexa! —dixo para encontra sí o viaxante;—esta é unha protestante, unha filla do desleigado Lutero, que me quere arrecadar para a sua igrexa

Chegaron a Cangas. Un fato de labregos, limpamente vestidos, agardaban pol-a catalana. Era a comisión dos protestantes qu'iban á unha misión.

Toda aquela patulea meteuse n-un vapor que fai viaxes de cotío á Vigo, e saíron para o dito pobo.

Un dos protestantes, mozo ben prantado, que debía saber manexar ben unhas cainzas, desenfundou treidoramente, docemente, con certa aquela d'orgulo un maldito acordeón, ese estormento que nos trân do estranxeiro para castigo dos nosos pecados. O acordeón comenzou á ranxer bravamente; e unha ducia de desentoados paisanos, ceibaron ao aire unha cántiga sin gracia, como se saíra das gorxas d'unha comunidade aburrida...

«Aquí en estos mares
es Dios el capitán;
que rabien y que trinen
los hijos de Satán...»

Un mariñeiro da tripulación perguntoulle á outro:

—¡Ei tí, Carrizo ¿que quêr dicir eso de fillos de Satán?

—Home, eu teño para min que é un aldraxe para nós; como se nos dixeran fillos de...

—¡Mala sentella os coma!...

E á longas zancadas foi ond' o músico, arrincoulle das mans o acordeón, que tirou ao mar con todal-as forzas que

tiña. Como o estormento levaba *collida* unha tecla, foi xemendo pol-o aire como se l' arrincaran unha moa, y- esmendrellouse nas augas.

¡Virxe do Carme, a que alí s' armou! Ao viaxante Miguel, no medio d' aquel rebumbio, arrempuxárono e quedou guindado na baranda côs pés asolagados no mar, e tiveron que metelo dentro como se fora pesca maor.



Chegaron ao muelle de Vigo. Mais de duascentas regateiras do Berbés, c' os mandiles recollidos e cheos de pedras, baduaban en terra ollando para o vapor.

O viaxante colleu as duas maletas, a da roupa e a da folla de lata; e aínda non afincara os pés en terra, en compaña da catalana, deron as regateiras un resoante ¡Viva la Virgen! e comenzaron á chover sobre d' él croyos á vao. Ceibou as maletas enriba do muro, e meteuse outra vez no vapor, agachándose para que o defendera a obra morta. A catalana fixo o mesmo poñéndose á catro patas, para mais seguranza. A condanada chuvia de croyos seguía zombando no costado do barco, namentras en terra berraban aquelas boas mulleres c' un torgo dino de mellor causa:— ¡Abaixo os protestantes! ¡Viva la Virgen!

Unha regateira, alritada e descomposta com' unha lurpia, colleu a maleta da roupa, esgazouna e tirouna no

mar, escupindo despois como se fose cousa abafada; fixo o mesmo coa das mostras, e dixo:—Vel-ahí van os libros herexes... ¡malo mar os trague!

A guardia municipal veu á poñer orde nas desaforadas mulleres, e, despois de grande traballo, desembarcou o viaxante entre unha fileira de regateiras que o miraban feramente, dicíndolle:—Galopín, larpeiro, protestante, xa te comeran os demos no inferno!

E a catalana que viña tras do viaxante falaba:

—Pasiensa, noy, pasiensa. Esta es la ignoransia que brama. Lo tomaron á vosté por sacerdote protestante. Ya nos desquitaremos después parlando de la poesía...

—¡Qué poesía nin que centella! A poesía estaba na miña maleta da folla de lata, que me donaba a mantenza; agora non me queda en Vigo mais lata que a literaria, coa que terei d' abondo para adoecer de fame.

BOA RESPOSTA

¿Que se tiña mal xenio o zapateiro Xacobe? Abonde con decirvos que cando non estaba na casa a sua muller, na que mallaba como en liño verde, rifaba con todol-os que se paraban á ollar as mostras da sua vidreira, con calquera viaxante que non lle caera ben, c'unha cotorra que tiña en frente a viuda d'un capador, e, ás derradeiras, consigo mesmo.

Además de tere sona de bon zapateiro, tiña moito nome pol-o seu talento e agudeza, que para sí quixera algún morno revisteiro que firma c'un nome que comenza con *Xarreta*, que ê un peixe coma outro calquera.

Frente da casa do noso zapateiro—*maestro* lle chamaban todos por medo á que lles esnafrase coa pata de cabra - vivía un andalús que s'adicaba ao proveitoso oficio de contratista de consumos, un d'eses homes para quen un par de cornos, con perdón das caras mais vellas que me lean, sobre todo s'eran cornos d'un boy morto por un toureiro, era o regalo mais grande que lle podían facere; e que, como en Galicia non ven esa afición pol-o *arte* de Cúchares, senten por nós ese santo desprecio que os mouros teñen pol-os *dexenerados* ingreses, que non teñen tampouco sangue toureira.

—Oiga ozté, maestro,—decíalle un día o andalús;—tengo necesidá de que me jaga unas botas grasiosas y de buen andar.

—Home, eu penso facerllas coma para un home compreto

—Zí, zeñó, ezo. Pero quiero decir que no han de ser d'ezos zapatones que usan los gallegos.

—Moi bèn dito;—respondeu Xacobe deixando a subela e poñendo cara avinagrada; xa lle farei unhos zapatiños de madama

—¿Cómo, de madama? ¿Ozté qué quiere decir?

—Quero decir que lle farei o que vosté merece.

—Ezo ya es otra cosa;—respondeu o andalús dándolle un tirón ao pantalón pol-a cintura.

—E á propósito, señor; aquí teño unhas botas moi ben traballadas, qu' as encargou un señor de Mondego, que non-as quixo porque lle magoaban un pouco. A vosté hanlle de caer ben, e daríallas baratas.

E amostroulle unha bota, na que cabían catro pes, moi cómodamente, do meu amigo e ciruxano señor Torres, que ê tamén un andalús pol-as trazas.

—Diga ozté, señor... maestro;—dixo o andalús indinado ao ver tales botas;—¿ze ha figurao ozté que yo tengo pié de gallego? ¡Vamos, hombre; ofrecerme a mí calzado de 43 puntos!...

—Dispense, meu señor; non s' alrite, que lle pode saír mal o negocio. Eu esquencinme de que os andaluces non calzaban tantos puntos como os gallegos...

OS TRES SOLDADOS

Un soldado andalús, d'eses que semellan que se merendan as *asaúras* de calisquera, paseábase fai poucos días por un sobrado do cuartel. Tiña necesidade de lI' escribir á un amigo seu qu' estaba de guarnición en Granada; mais como non sabía nin siquera lêr, agardaba que viñera algún compañeiro que poidese quitalo d' apuros.

Entraron dous soldados, un gallego das mesmas Encrobas, e un vizcaíno de boa cepa, d'eses que ollan o *réximen* como cousa despreciabre e inútil. Enténdase que falo do réximen gramatical!

—¿Habrá por aquí argún zopenco que zepa escribí?— dixo o andalús ao velos entrare.

—Home,—dixo o mozo das Encrobas;—eu sei escribir; pro teño pra min que aquí o zopenco será o que se ve na necesidade de facel-a pregunta porque non conoce o cristus...

—No ze arborote ozté, zeñó mariscal, que ezo de zopenco ez un decí, una metáfora.

—Eu non sei se ê *metá-fora* ou *metá-dentro;* o que podo asegurar ê que vosté meteu a patiña, como decote.

—Hombre, zeamo razonables... Yo no ze escribí porque no me pareció bien perder er tiempo en bagatelas. Yo te pido er favor que me escribas una carta .

—Escribir debes—dixo estonces o vizcaíño ao gallego;

—que andaluces hablar sin daño hacen, que lengua tienen trapo.

—Tes razón, estes homes son verdadeiros coitelos de pau; escribirei... ¡Ea! veña papel e pruma.

E sentou o gallego disposto á garabatear.

—Ponga ozté ahí... «Mi querío Juan...»

O gallego púxose maxinativo, despois dixo:

—¿Cómo escribirei *Juan?* Abofé, que non me lembro ben agora...

—No zabe ozté conque s' escribe Juan? Tiene gracia zu inorancia, compare.

—Home, paréceme que se escribe con *xota*.

—Qué ez ezo de *sota?* ¡Qué zopenzo erez! Vamo á ver, vizcaíno, ¿con qué letra se escribe Juan?

—¿Juan? ¡Errecristo! Preguntas necias tener tienes; que Juan saber yo y cualquiera escribir con *geta*.

—¡Jezú, Jezú y Jezú! Ahora zí que estoy convencío que zolo en la tierra de María Zantízima nacen los hombres con condicione para zer perzonas de sentío común. ¿Zerá posible, zo bestias, zerá posible que no zepáis que Juan ze ecribe con *ege?*

E o andalús púxose orgulloso, e deu unhas zancadas de satisfaición como se fose un filólogo que houbera descuberto o orixe da palabra «bertorella».

O CARNEIRO

Aló pol-o ano 72—ano de negra fame—foi pol-a Mariña unha compañía de tropa pra axudar â cobranza dos trabucos, procedimento que certamente merecía a aprobación e aprauso d' algún Morote dos boletís centralistas.

Entre d' aqueles soldados había un, nascido no mesmo Cádiz. Chamábase Rafael Jiménez, e por alcume *el Conquistador*. Decía êl, á quen o quixera ouir, que non facía mais que presentarse diante d' unha moza, aloumiñala côs seus ollos mouros e cativos com' os d' unha denosiña, decirlle un par *d' olés*, e aquela moza esmorecíase de contado pol-os anacos salados do terribre conqueridor.

Atopóu na praza da vila de Sada á Sabela, que así se chamaba a moza do meu conto. Vela, e facerlle o amor con todal-as argalladas d' un chulo mauritán, foi dito e feito.

Sabela deixouse querer, e c' unha sorna graciosa, tomoulle o pelo, que nin que fora con pieite de corno, con perdón. O entusiasmo do conqueridor foi tan grande, que chegou a lle pedir unha cita.

—Sí, home, sí;—respondeulle Sabela,—dígoche que a tua gallarda feitura mesmo me barreu os sentidos. Esta noite, âs nove en punto, agárdote na miña casa, que ê aquela d' alí enfrente. Eu deixaréi aberta a cancela da horta; amarrado á unha árbore atoparás un carneiro que ten unha campanilla no pescozo. Quítaslla, e guíndala tí

do teu. Despóis entras na casa, facendo soar a campanilla. Meu pai xa estará deitado, e coidará que erel-o carneiro. Despois... eu...

—No me digas más, cachito é sielo. Después er desmigue... la dislocación...

—Eso é: despóis... a *dislocación*.

Sabela puxo en autos de todo á seu pai.

Chegaron as nove da noite, e o andalús abreu a cancela, colleu a campanilla do carneiro, que guindou do seu mesmo pescozo; e foise paseniñamente á metérese na casa de Sabela. Cando xa estaba dentro, perguntou o pai da moza.

—¿Quen anda ahí?

—Quién ha de cé? —respondeu o andalús.—Dispenze paizano, que yo no zoy er zordao Conquistaó, que soy er carnero.

E pai e filla mallaron n-el de tal xeito, que aquelo resultou unha verdadeira dislocación.

¡ESQUENCEUSE!

Xa n-outra ocasión téñovos contado a malladura, a verdadeira «dislocación», que levou aquel soldado que s'alcumaba «er Conquistaó», cando lle fixo as beiras â garrida e bulrona Sabela; e agora, Deus diante, direivos outra fazaña do mesmo mozo, para quen non había mais que dous homes valentes n-este mundo: él e mais o que ollase fite á fite os seus ollos de donosiña alritada.

Entrou o noso home n-unha taberna da rua de Cartuchos, en compaña de outros dous soldados; e alí comenzou á falar de touros e mais de toureiros, ¡Virxe do Carme, cousas as qu'él dixo de Galicia! ¡Reprimendas que ceibou por aquela boca porque aquí non había toureiros nin touradas!

—Ostés no están civilizados, ni zaben lo que es bueno. Un paí donde no ze zuerta un *olé tu mare*, ni ze zabe quien ha sío er divino Cúchare, es un paí zarvaje.

Un soldado qu'era do mesmo Curtiñán, un d'eses barudos mozos de poucas falas, díxolle estonces:

—Os homes non se miden pol-a afición que teñan ôs cornos, con perdón, nin os valentes pol-as algueiradas; que a forza non está na língoa... Os cans que mais ladran non son os que chantan os dentes... ê verdá, si señor...

A conversa foi subindo de torgo, e finaron por rifar. O andalús prantouse fachendosamente diante do mozo de Cortiñán, tirou fortemente para riba pola cintura do calzón,

toseu longo con un ronquido derradeiro de chulo profesional, e cuspindo pol-a esquerda do beizo, á estilo do mesmo Cáis, puxo á mirada tan fera que cuasemente somellaba un basilisco n-unha negra noite. Despois, dixo:

—Ozté, zeor gallego, va á sufrí en este momento er mayor zusto de zu desgraciada vida. Voy a pillarle á osté por lo fondillo der carzón tirándole tan alto, tan alto, que ze va á morí de hambre antes de volvé á la tierra.

E, nafeuto; o mozo de Cortiñán colleu pol-o pescozo á «er Conquistaó» e deulle media ducia de sopramocos con tal xeito e gracia que mesmamente o deixou sin fala cuspindo com' unha touliña.

Puxeron paz' entre d' eles; e pasada media hora perguntáballe outro soldado á «er Conquistaó»:

—¿Cómo foi eso, hó? ¿Cómo foi eso, que te deixaches pegar por ese mequetrefe gallego?

—¿Qué había de zé, zanto de Dios; qué había de zé? Que me cogió deprevenío, y en aquel momento me olvidé de defenderme... ¡qué zi no me orvido... zi no me orvido!... no le vale er gallo de la pasión; ni er Cid Conquistaó en perzona zería capaz de impedir que zu cuerpo ze vorviera areniya entre mis manos...

—¡Vaites, vaites! que sorte tes, home...

UNHA REGUEIFA

O moi alto señor don Fernán Pérez, conde d' Andrade, festexaba o día do seu santo c' unha regueifa, na que habían de loital-os desidores e trovadores de mais sona dos seus estados, no ano de 1337.

O patín do castelo estaba cuberto de frores e loureiros, e no medio había dous sillós rematados c' o escudo do nobre e podente conde.

Soaron as alarbeas, redobraron os tambores, tocou o gaiteiro unha solene muiñeira, e apareceron o conde don Fernán e a sua dona Sancha Rodríguez, xentil e graciosa, escoltados pol-o sabidor capelán Fernán Martís, e moitos fidalgos mariñás.

O conde e mail-a sua dona subiron primeiro ao patín; chamaron ao ilustre capelán Martís, que foi o traductor da *Crónica Troyana;* e logo dixo o señor d' Andrade:

—En nome de Deus, queda aberta a lbita literaria. Cen dobras d' ouro do señor el Rey don Pedro levar ha o desidor, xa sea fidalgo ou peiteiro, que mellor compoña agora unha historia d' amor. Para facer de xués n-esta lide está aquí o meu capelán Fernán Martís, que pol-a sua sabidencia é honra dos meus estados. ¡Gabados sean Deus e santa María sua Madre!

Unha moza fidalga, da familia dos Colmelos de Sada, ergueuse, fixo a venia, e comenzou á recitar un romance,

que tiña a medida qu' estonces s' estilaba entre os trovadores lemosís.

—Ben está,—dixo Martís cando a fidalga finara o seu romance; - que trove outro desidor.

Ergueuse fachendosamente un mozo fidalgo dos Marzoas de Filgueira. Viña traxeado á estilo da Provenza, oude estivera algún tempo â volta d' un viaxe á Terra Santa. Tiña sona de trovador moi sabido. Un movimento de curiosidade e d' admiración espertouse entre os presentes.

Comenzou a cántiga d' amor o fidalgo Marzoa. Adiviñábase que tiña grande costume de o facer e que a cántiga non era tirada da sua cabeza. Remarcaba os versos con movimentos e acenos apasionados ou tristes, segun fose o sentido d' eles, e, según Martís, lembraba os trovadores estranxeiros, que algunhas veces viñan á trovar no castelo d' Andrade, de camiño qu' iban en peligrinación á Compostela. Mais á cántiga estaba feita na língua de Castela, e nin os verbes, que non s' entendían ao direito, nin o son do verso, entraban na alma dos que o escoitaban.

N-aqueles tempos os desidores trovaban en galego, língua que lograra unha grande perfeición para a *gaya sciencia*. Martís e mail-o Conde, tomaron como un aldraxe que na sua nobre presencia se cantara n-unha fala estrana que tamén falaban os mouros e xudaizantes. Doña Sancha dixo ao capelán que non era do seu agrado a cántiga de Marzoa.

Tocoulle a vez á Minia, unha doncela da familia dos Freires de Mondego. Vestía de mariñana, cuberto o seu feituquiño corpo con finos encaixes de Lorbé, que lle donara o seu nobre parente don Xácome Pardo d' Andrade. Tiña a loura cabeleira peiteada en duas longas trenzas, misturadas con fíos de brilante ouro, como s' estilaba entre as fidalgas ricas d' aqueles tempos. ¡Qué ollos azús, de fitar modoso e solermiño de virxe céltica! ¡Qué graciosa e xentil muller!

As olladas de todol-os mozos caeron sobre d' ela, aloumiñándoa cobizosamente. Minia baixou a sua linda cabeciña, tinxíronse as suas faceiras co' a color dos ceos

n-unha aurora de groria, e despois de facer unha cumprida cortesía, comenzou á trovar.

Mainiña, brandamente, os seus versos entraban nos corazós. A fala gallega en labios da feiticeira fidalga, tiña unha dozura, unha mimosidade, unha xentileza asoballante.



Comenzou a relación das feituras dos namorados galáns, de maneira sinxela e nobre. Despois foise erguendo a sua doce fala co' esa lírica *esgrevia* propia das almas gallegas, lírica en que a ternura mistúrase meigamente co' ese *modus dicendi* varonil da nosa casta. E cando, xa morto o namorado galán, hacha sepultura ao seu rente a noiva malferida d'amor, e nasce entre das duas tumbas unha fonte cristaíña que canta pol-o baixo aqueles amores infortunados... Cando os dous escuros alciprestes medran alí sobre das duas sepulturas, rexurdimento á unha nova

vida dos dous namorados; e siguen medrando hastra tocal-os ceos; e despois, arrandeados pol-a maina bris do serán, xúntanse en solene a garimosa aperta... enton a poesía era tan intensa, o lenguaxe tan elevado e nobre, d' unha enxebreza verdadeiramente celeste... que todos, señores e fidalgos, poetas e labradores, baixaron a cabeza ao peso da fonda impresión artística qu' esmorece as almas co' a lembranza das cousas divinas.

—¡Minia! ¡Minia fidalga e fermosa, que levas no teu espíritu o bico dos nosos grandes trovadores d' outros tempos!...—dixo Fernán Martís cheo de fonda emoción;—tí cantaches na língua das nosas nais, na nobre fala en que Alfonso o Sabio fixo os seus loubores á Virxe Santa María! ¡Tí soupeche, mellor que ninguen, estremecel-as nosas almas! A regueifa ê tua, tuas as cen dobras d' ouro, e tuas tamen as frores que cobren o trono do noso señor o Conde. ¡Benia quen canta o amor na língua que Deus nos donou!

Doña Sancha Rodríguez bicou â triunfante fidalga e donoulle as frores que adornaban o patín. Todol-os presentes decrararon reina do *gay saber* â feiticeira Minia, e unha muiñeira de groria espallou enton os seus solenes sons pol-as veigas dos estados d' Andrade.

A ESPADA DO FIDALGO

Á MEU IRMAN PLÁCIDO

O fidalgo de Taboexa, Pedro d'Aldao, acababa de chegar de Ponte-areas. Déranlle alí noticias de que aquela mañan—do 7 de Setembre de 1658—saíra de Pontevedra o exército galego que, ao mando do marqués de Viana, don Rodrigo de Pimentel, iba á Portugal á loitar contra dos portugueses, que non querían vel-a sua terra asoballada por xente extranxeira.

—Fidalgo de Taboexa,—decíalle en Ponte-areas o seu parente o señor de Guimarei,—xa sabedes que Portugal non quere vivir axuntado c' os demais reinos d' España, e fainos a guerra. Os nobres galegos, respondendo ao chamamento do Capitán xeneral de Galicia, foron á alistárense baixo das bandeiras do noso señor el-rey don Felipe IV. Faltáchedes vós, fidalgo; vós que tedes sona d' home valente, que vos ben de casta, e d' entendido no arte da guerra. Todos din que sodes un mal galego que non queredes defendel-as bandeiras d' el-Rey.

—Señor de Guimarei, meu nobre parente, as vosas derradeiras palabras magóanme en verdade, mais non penso pedirvos conta d' elas. Sodes, com' os demáis nobres e fidalgos d' esta terra, vítima da iñorancia, do desconocimento da nosa historia, das verdadeiras necesidades

de Galicia, do que nos convén para o noso porvir, e coidades que n-esta guerra debemos tomal-o partido d' el-Rey Felipe. ¡Cómo esquencedes, meu nobre parente, cómo esquencedes esta terra que tantos desleigamentos e aldraxes sofre dos orgulosos castelans! Portugal ê moi semellante á Galicia, falan a mesma língua, teñen os mesmos costumes, e pol-o tanto as mesmas leises. Portugal ê sangue do noso sangue, vida da nosa vida. Os seus trovadores, os seus grandes poetas, a musa do pobo, encenderon a sua alma no mesmo verbe que Deus nos deixou en herdo. Non sabedes, meu nobre parente, que estades forxando os grilons da cadea que ten d' escravizar para sempre â nosa patria, que despois verá os seus costumes, a sua fala, as suas leises, todo canto ê seu, aldraxado, perseguido por xentes que nos desprecian moito, que vós ben o sabedes. Os reises de Castela gobernan as Españas á estilo estranxeiro, que tan mal cadra para defensa e conservación das nosas libertades. As causas qu' ergueron a espada dos irmandinos, repítense hoxe con mais gravedade, sin que os fillos da terra volvan pol-o seu honore. ¡Señor de Guimarei, a espada dos meus abós, a espada que fai agora cento setenta e seis anos xustos qu' escentilou en Castro d' Ouro defendendo as nosas libertades, non pode de ningunha maneira erguerse n-unha loita que vai poñer unha campa sobre a nosa independencia morta para sempre! ¡Seguide vós esas bandeiras! Eu teño que ouir a voz da razón, que me dí que Portugal ê noso irmán e que co' él debemos vivir baixo d' as mesmas tendas! Non fagamos que outro poeta lusitán do porvir teña razón, coma a tivo Camoens, ao dirixirnos reprimendas, que nos avergoñen espertando un remordimento de cote duro e merecido!

E o nobre e valente fidalgo Pedro d' Aldao deixou a compaña do señor de Guimarei, e tornou ao seu pazo de Taboexa.

O serán era maino, tristeiro, saudoso. O sol, agachado xa baixo dos altos picoutos de Salce, tinxía aínda de côr bermella o hourizonte.

O fidalgo abreu a fenestra, e debruzouse, triste e saudoso, á ollal-o camiño que levaba â raya de Portugal.

Un balbordo forte viña do norte. A espada dos fidalgos de Taboexa, guindada na parede á rente d' un Santo Cristo, tremou co' aquel balbordo, coma un corpo vivo que sinte carraxe. Despois oeuse o barullo de moitas xentes: eran as tropas galegas qu' iban loitar en contra de Portugal. Deran as oito da noite cando tiña pasado todo o exército.

Pedro d' Aldao pechou a fenestra. Sentouse n-un sillón frente do Santo Cristo, e dixo:

—Meu Deus! ¿por qué t' esquences d' esta terra querida que ten por armas o Santo Sacramento? ¿por qué non espertas o entendimento dos galegos que s' esquencen da sua libertade? ¿qué mal che fixo esta terra para que, cal ao pobo xudío, xa non lle quede nin siquera a esperanza da posesión do seu?

E o fidalgo de Taboexa colleu a espada de seus abós, parteuna en duas mitades, e ceibouna no chan, dicindo c' os ollos cheos de bágoas e c' os puños fortemente pechados:

—¡Adeus para sempre! En favor dos alleos que te desprecian non loitarás, xa que non terás ocasión dende hoxe de loitar pol-a terra dos meus abós...

INDICE

	Paxinas
O Verbo	5
A nogueira	7
O primeiro sangue	10
Homero	12
Axúdate	16
A xusticia	20
A libertade	24
Boa proteicion	27
O vimbio e mail-o pino	30
O xiro do sancristan	32
Os lobos	34
Volve por outra	36
Con polaina e media	39
O aforron	41
O escarmento	44
Un aldraxe	48
Ir por lan	51
Entre compañeiros	55
Bótelle terra	57
Boa meiciña	60
Protestante	63
Boa resposta	67
Os tres soldados	69
O carneiro	71
Esquenceuse	73
Unha regueifa	75
A espada do fidalgo	79

PRECIO D' ESTA OBRA: 75 CÉNTIMOS DE PESETA

OUTRAS OBRAS DO MESMO AUTOR

Soidades, verso e prosa, c' un prólogo de Curros Enríquez. Precio: 4 pesetas.

Noitebras, poesías: *edición fora de venta.*

A Ponte, primeiro drama galego en prosa, en dous actos e tres cuadros. Precio: 2 pesetas.

Mareiras, drama en tres actos, en prosa. Precio: 2 pesetas.

Esclavitú, drama en dous actos, en prosa. Precio: 2 pesetas.

Minia, drama-traxedia en un acto. Precio: 1 peseta.

O Pazo, comedia en dous actos. Precio: 1'50.

Estadeiña, drama-comedia en dous actos. Precio: 1'50 pesetas.

Versos de loita, edición de *¡Terra a nosa!* Precio: 40 céntimos.

Os pedidos faranse ao autor, que vive na rua de Panadeiras, número 23, a Cruña.

PB
244